

CUESTIÓNS XERAIS A AMBOS PROCEDEMENTOS

1. Cal é o PRAZO de presentación das solicitudes?

O programa bonos de innovación ten *carácter plurianual e aberto ata o esgotamento dos fondos* asignados polo que as solicitudes, tanto para a homologación de axentes intermedios como para a solicitude de bonos, poderán presentarse dende o día **24/09/2013** (día seguinte ao da publicación do Programa no DOG) ata a finalización da súa vixencia ou esgotamento dos seus fondos, o que se produza antes.

Inicialmente a vixencia do Programa Bonos de Innovación está contemplada ata o 31 de decembro de 2015.

Matizar que ademais, no caso de solicitudes presentadas o IN851B, a peme debe solicitar o bono de innovación dentro *do prazo dun mes* dende que se reciba a comunicación do organismo internacional que permita a comprobación da superación dos limiares de valoración ou da comunicación da concesión da axuda no caso de programas nacionais. De xeito excepcional, ao igual que o requisito previo de homologación, durante os primeiros catro meses do Programa exceptuarase tamén o cumprimento deste requisito para evitar que ningunha proposta presentada ao longo do 2013 e resolta antes do 23 de agosto quede fóra

2. Cal será a FORMA DE ENTREGA da solicitude?

A presentación das solicitudes poderase realizar *en papel ou por medios electrónico* aínda que preferentemente, coa finalidade de axilizar o procedemento, deberá optarse pola presentación electrónica.

3. No caso de poder mancomunado, que debe entregarse?

Unha *autorización e unha fotocopia do DNI* das persoas que autorizan.

Non existe na convocatoria un modelo para esta autorización, pero para outros procedementos da Axencia Galega de Innovación contéplase algún modelo dispoñible na web da Axencia e que poderá utilizarse con pequenas modificacións para adaptalo o programa BONOS DE INNOVACIÓN

4. Cal e prazo para emendar a solicitude presentada?

De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, se a solicitude non reúne algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria ou nas bases reguladoras, requiriráselle ao interesado para que, nun prazo de *dez días hábiles*, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. De non realizarse esta emenda, se terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

5. Onde se poderá consultar o listado de axentes intermedios homologados por GAIN (Axencia Galega de Innovación)?

O listado de axentes homologados en cada ámbito: nacional ou internacional estará dispoñible na web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.es>).

6. Que é a SEDE ELECTRÓNICA?

A sede electrónica da Xunta de Galicia, accesible a través da dirección electrónica <https://sede.xunta.es>, é o medio a través do cal vostede pode exercer o seu dereito de acceso á información e aos servizos electrónicos que o goberno galego pon á súa disposición nela, entre eles a iniciación de trámites, a consulta do estado de expedientes ou a comprobación do Código de Verificación Electrónica dos documentos (CVE). Así mesmo, ofrece tamén información relacionada co seu funcionamento e outras utilidades que permiten facer unha mellor utilización do que ofrece (descargas, consultas, suxestións e queixas...).

Esta sede crease e régúlese polo *Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes* e cumpre tamén con todo o disposto na *Ley 11/2007, del 22 de junio, de acceso electrónico de los ciudadanos a los Servicios Públicos*, que recoñece o dereito dos cidadáns a relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos, obrigando a estas a garantir este dereito.

7. Teñen a mesma validez legal as xestións realizadas nesta sede que as que se realizan a través do Rexistro Xeral da Xunta?

Exactamente a mesma. O rexistro electrónico da Xunta de Galicia, que se creou polo *Decreto 164/2005, do 16 de xuño*, permite a presentación, vía electrónica, de solicitudes, escritos e comunicación e a súa validez será a mesma que a de aqueles que se presenten a través do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia.

8. Cal é o horario do rexistro electrónico da Xunta?

O Decreto 164/2005, polo que se crea o rexistro electrónico da Xunta de Galicia sinala, na súa disposición adicional segunda, que este estará en funcionamento durante as 24 horas do día, todos os días do ano. A este respecto recolle tamén que a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións a través del, a súa recepción, así como as remisións de escritos e comunicacións, rexeráse, para os efectos de cómputo dos prazos fixados en días inhábiles, polos seguintes criterios:

1. Serán considerados días inhábiles só os así declarados para todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia no calendario laboral de días inhábiles.
2. A recepción de solicitudes, escritos e comunicacións efectuadas nun día inhábil para o rexistro electrónico entenderase efectuada na primeira hora do primeiro día hábil seguinte. Para estes efectos, no asento da entrada inscribíranse como data e hora de presentación aquelas nas que se produciu efectivamente a recepción; constando como data e hora de entrada as cero horas e un minuto do primeiro día hábil seguinte.
3. O rexistro electrónico non realizará nin anotará saídas de escritos e comunicacións en días inhábiles.

9. Que é un certificado electrónico?

O certificado electrónico permite identificar electronicamente a unha persoa para que esta poida asinar documentos. O seu uso é fundamental nesta sede, xa que permite asinar electronicamente a información que se envía, asegurando a súa integridade e procedencia.

Trátase, en definitiva, dun documento asinado electronicamente por unha entidade prestadora de servizos de certificación, que é a responsable de vincular a identidade do/a asinante cun conxunto de datos e, polo tanto, a de avalar a conexión entre o certificado e a persoa, física ou xurídica, que o posúe.

10. Que certificados admite a Xunta de Galicia nesta sede electrónica?

Nestes momentos a sede electrónica da Xunta de Galicia admite o uso dos seguintes sistemas de sinatura electrónica:

1. [DNI electrónico \(DNIE\)](#)
2. [Fábrica Nacional de Moeda e Timbre](#): de persoa física, xurídica e Administracións públicas
3. [AC Camerfirma](#): AC Camerfirma RACER e AC Camerfirma Certificados Camerais

No caso de que use un navegador Internet Explorer (IE) non funcionaría a presentación electrónica de procedementos se o usuario importou máis dun certificado. Por exemplo, non sería posible que se realizase a presentación con IE se hai instalados dous certificados da FNMT, un da FNMT e outro de DNIE.

11. Como podo obter un certificado electrónico?

O procedemento habitual consiste en realizar a solicitude do certificado a través da web da autoridade de certificación correspondente. Posteriormente o/a solicitante debe acreditar a súa identidade en algunha das oficinas habilitadas pola certificadora, onde obterá o código de solicitude que lle permitira abordar o último paso, a descarga do certificado vía internet. Nestas ligazóns facilítase a información necesaria para a obtención dos certificados electrónicos de cada unha das entidades recoñecidas por esta sede.

1. [DNI electrónico \(DNIE\)](#)
2. [Fábrica Nacional de Moeda e Timbre](#)

12. Por que necesito coñecer a data, hora e calendario oficiais?

Para calquera procedemento que vostede inicie nesta sede, a data e hora oficiais que debe ter en conta á hora de realizar un trámite non serán as do equipo desde o cal o efectúa, senón as do rexistro electrónico que utiliza a sede da Xunta, é dicir, a data e hora desta sede electrónica (que se sincronizan coas do Real Instituto e Observatorio da Armada – ROA-). Do mesmo xeito, para o relativo ao cómputo de prazos será necesario coñecer cales son os días inhábiles da Comunidade autónoma de Galicia.

O Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sinala que a

sede electrónica da Xunta **se rexerá pola data e hora oficiais da Comunidade autónoma de Galicia** e que, á súa vez, o Rexistro electrónico o fará, para todos os efectos, pola data e hora oficiais da sede electrónica.

Asemade, o artigo 26.1 da *Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos* sinala que os rexistros electrónicos se rexerán, a efectos de cómputo dos prazos imputables, tanto aos interesados como ás Administracións públicas pola data e hora oficial da sede electrónica de acceso, que deberá contar coas medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade e figurar visible.

13. Cómo debe achegarse a documentación á aplicación no caso de presentación electrónica?

De conformidade co artigo 35.2 da *Lei 11/2007*, os interesados *deberán achegar copias dixitalizadas dos documentos*, responsabilizándose e garantindo a persoa que asina a solicitude da fidelidade dos ditos documentos co orixinal mediante o emprego da súa sinatura electrónica. Para achegar os documentos en formato electrónico o solicitante deberá previamente dixitalizar os orixinais obtendo *arquivos en formato PDF*.

14. Podería acollerse ao Programa de Bonos de Innovación a preparación dun proxecto que xa foi pagado pola PEME na súa totalidade á entidade que realizou o servizo?

Non sería posible, xa que non se axustaría ás bases do programa, concretamente á documentación xustificativa do pago que se recolle no artigo 6 da convocatoria.

PROCEDIMIENTO DE HOMOLOGACIÓN (IN851A-Anexo I)

15. Podería ser considerada unha fundación axente intermedio homologado ao abeiro deste programa?

Non, so poderán ser axentes intermedios *empresas que contén con experiencia na asistencia para a preparación de axudas nacionais e internacionais de I+D+I*.

Enténdese por empresa toda persoa física ou xurídica que realiza unha actividade económica, incluíndo os autónomos.

16. A empresa que solicite á homologación como axente intermedio pode ser unha grande empresa?

Sí, son as empresas que soliciten os bonos para a preparación dos seus proxectos as que deben ser obrigatoriamente pemes.

17. A empresa que solicite á homologación como axente intermedio debe ser galega?

Non, pero é *imprescindible que realice en Galicia as actividades de consultaría asociadas a este programa*, polo que debe ter polo menos un centro de traballo na nosa comunidade autónoma no que desenvolver as súas actividades como axente intermedio do Programa.

18. Unha mesma empresa pode estar acreditada como axente homologado tanto no ámbito nacional (servizo 1) como no internacional (servizo 2)

Sí, e deberá entregarse *unha única solicitude na que se inclúan todos os servizos* para os que se solicite a homologación, aínda que esta *poderá ampliarse* no caso de que inicialmente se solicite só para un deles e logo se queira ampliar a homologación ao outro servizo, sempre que o prazo aínda estea aberto.

19. A solicitude debe axustarse a algún formato?

Deberá presentarse unha solicitude axustada aos modelos normalizados que figuran como *anexos da orde de convocatoria*, e que irán acompañados dos documentos que se especifican nos artigos correspondente dos anexos I da mesma

O procedemento a seguir contemplase no artigo 4 do Anexo I

20. A permanencia como axente intermedio homologado inscrito é voluntaria?

Sí, o responsable da entidade poderá solicitar a súa *baixa como axente intermedio do Programa de Bonos de Innovación en calquera momento*. A adhesión o programa supón a aceptación das condicións e obrigas do programa que se recollen nos Anexo I e II, así como as boas prácticas na prestación de servizos ás pemes.

21. Cal é a vixencia da homologación?

A vixencia abranguerá dende a día seguinte da comunicación da súa selección *ata o remate da vixencia do Programa Bonos de Innovación*, aínda que esta vixencia estará condicionada ao mantemento das condicións tidas en conta para a súa valoración como entidade homologada. Deste xeito, *anualmente* a entidade homologada deberá remitir á Axencia Galega de Innovación unha declaración responsable na que confirme a continuidade das condicións que se tiveron en conta para a súa homologación e comunicar á Axencia Galega de Innovación, no momento en que se produza, *calquera modificación dos requisitos avaliados* que puidese afectar a súa valoración.

A Axencia Galega de Innovación poderá revisar, en calquera momento, a actuación dos axentes intermedios homologados co obxecto de comprobar que a súa actuación responde aos requisitos establecidos no Programa Bonos de Innovación e, no caso en que se comprobase un incumprimento dos mesmos, a Comisión de Homologación poderá decidir a retirada da súa homologación como axente intermedio do Programa.

22. Cales son as obrigas dos axentes intermedios dos programa bonos de innovación?

As condicións e obrigas que deben cumprir os axentes están detalladas no *artigo 5 do Anexo I da convocatoria*

CONVOCATORIA BONOS DE INNOVACIÓN (IN851B-Anexo II)

23. Que tipo de bonos se poden conceder ao abeiro deste programa?

Bonos *Nacionais* e Bonos *Internacionais* para os que se contemplan diferentes contías en función do tipo de proxecto que se preparou, do papel desenvolvido pola peme dentro do consorcio e do resultado obtido no programa de financiamento ao que se presentou a proposta.

24. Que tipo de actividades son subvencionables nos bonos nacionais?

A preparación de propostas a *convocatorias nacionais de proxectos de I+D+I en cooperación* contratada na súa totalidade a *axentes intermedios homologados** pola Axencia Galega de Innovación, sempre que:

- nestas propostas se inclúa no seu consorcio *unha peme* con domicilio social ou centro de traballo en Galicia onde se desenvolverán as actividades financiadas con cargo a este programa, así como de forma maioritaria as tarefas que teña asignadas no plan de traballo do proxecto nacional cuxa solicitude se prepara co bono solicitado.
- o orzamento no proxecto da peme non pode ser inferior aos *100.000 euros*.
- no caso de procedementos de avaliación de dúas fases só serán elixibles as propostas presentadas á segunda delas.
- estas propostas foran *seleccionadas* para o seu financiamento polo organismo nacional ao que se presentaron e non conte a convocatoria nacional á que se presentaron con cofinanciamento autonómico.

So serán subvencionables as actividades de preparación que se realizen *a partir do 1 de xaneiro de 2013*

*NOTA: Inicialmente (por un período de catro meses) como o proceso de homologación dos axentes ábrese conxuntamente co de solicitude de bonos, as empresas que contrate a peme poderán non ter aínda a acreditación como axentes intermedios, so ter presentado súa solicitude, pero a concesión do bono estará condicionada a súa acreditación final como tales

25. Que tipo de actividades son subvencionables nos bonos internacionais?

A preparación de propostas a *convocatorias internacionais proxectos de I+D+I en cooperación* contratada na súa totalidade a *axentes intermedios homologados** pola Axencia Galega de Innovación, sempre que:

- nestas propostas se inclúa *unha peme* con domicilio social ou centro de traballo en Galicia onde se desenvolverán as actividades financiadas con cargo a este programa, así como de forma maioritaria as tarefas que teña asignadas no plan de traballo do proxecto nacional cuxa solicitude se prepara co bono solicitado.
- O orzamento no proxecto da peme non pode ser inferior aos *100.000 euros*.

- No caso de procedementos de avaliación de dúas fases só serán elixibles as propostas presentadas á segunda delas

-estas propostas *superasen os limiares* de valoración contemplados na propia convocatoria internacional (como mínimo o 70% do limiar global de avaliación incluído na convocatoria, así como, de ser o caso, ter superado a valoración mínima exixida nos apartados que se consideren excluíntes na propia convocatoria internacional)

So serán subvencionables as actividades de preparación que se realizasen *a partir do 1 de xaneiro de 2013*

As *axudas individuais* so serán subvencionables *cando así sexa autorizado* pola Axencia Galega de Innovación, previa solicitude do interesado.

*NOTA: Inicialmente (por un período de catro meses) como o proceso de homologación dos axentes ábrese conxuntamente co de solicitude de bonos, as empresas que contrate a peme poderán non ter aínda a acreditación como axentes intermedios, so ter presentado súa solicitude, pero a concesión do bono estará condicionada a súa acreditación final como tales

26.- Como debe interpretarse a condición, no caso de bonos internacionais, de que *deben superarse os limiares de valoración fixados na convocatoria internacional?*

Esta condición supón que como mínimo se alcanzase unha puntuación superior o 70% do *limiar global de avaliación* incluído na convocatoria pero tamén, no caso de existir nela apartados excluíntes para os que se esixa unha valoración mínima, se teña alcanzado esta en todos eles, xa que senón a solicitude non tería cumprido nin sequera os requisitos mínimos de subvencionabilidade do programa internacional ao que se presenta e por tanto o resultado obtido non podería considerarse axeitado.

Na táboa I do Anexo II fíxanse as contías dos bonos segundo se supere o 70% do limiar global de avaliación ou se supere o 100% do mesmo.

27. Podería solicitarse a axuda para a preparación dun proxecto iniciada antes da presentación da solicitude do bono de innovación ou incluso antes da apertura do Programa?

Si, o bono de innovación debe solicitarse dentro *do prazo dun mes* dende que se reciba a comunicación do organismo internacional que permita a comprobación da superación dos limiares de valoración fixados na convocatoria ou da comunicación da concesión da axuda no caso de programas nacionais. De xeito excepcional ao igual que o requisito previo de homologación, durante os primeiros catro meses do Programa, exceptuarase tamén o cumprimento desta condición para evitar que ningunha proposta presentada ao longo do 2013 e resolta antes do 23 agosto quede fóra

É *imprescindible* que o axente intermedio conte coa homologación no ámbito aplicable antes de iniciarse a preparación para a que se solicita axuda ao abeiro deste programa pero tamén de xeito excepcional, e por un período de catro meses, as pemes poderán solicitar os seu Bonos de Innovación antes de que o axente intermedio encargado da preparación da proposta estea homologado, pero nestes casos a concesión da axuda estará condicionada á efectiva obtención da homologación por parte do axente contratado pola peme.

28 En que consiste a excepción do requisito de homologación que se contempla no programa?

En que durante os primeiros catro meses de vixencia do programa a peme pode solicitar o bono aínda que o axente intermedio contratado non estea homologado, pero sempre que este xa teña solicitado a súa homologación e esta estea en proceso, se ben a concesión final do bono estará vinculada á concesión da homologación do axente.

Conxuntamente con esta excepción da homologación previa, tampouco é necesario que nestes primeiro catro meses do programa as empresas solicitantes do bono o fagan no prazo máximo dun mes dende que reciban a comunicación do organismo internacional que permita a comprobación da superación dos limiares de valoración fixados na convocatoria ou da comunicación da concesión da axuda, no caso de programas nacionais

29. Cal e a modalidade destas axudas?

A axudas concedidas ao abeiro deste programa son “*bonos*” de xeito que será a Axencia Galega de Innovación a que directamente abone ao axente intermedio a cantidade do bono, é dicir, a peme non terá que realizar o pagamento para obter a axuda, xa que a través do Bono de Innovación concedido a peme cede o seu dereito de cobro a favor do axente intermedio como contraprestación do servizo recibido.

Indicar que se o importe da factura excede ao do bono este exceso non estaría cuberto por esta axuda, igual que tampouco o estaría o IVE e outros conceptos non subvencionables que puidesen estar incluídos na factura, e que deberán ser abonados pola peme.

30. Cal é a contía destas axudas?

A axudas concedidas ao abeiro deste programa dependen do tipo de proxecto, do papel desenvolvido pola peme dentro do consorcio e do resultado obtido no programa de financiamento ao que se presentou a proposta e están recollidas na *táboa I do anexo II*.

TÁBOA I	CONTÍA EQUIVALENTE DO BONO DE INNOVACIÓN (€)*			
	COMO SOCIO		COMO COORDINADOR	
BONOS INTERNACIONAIS	SUPEROUSE O 70% DO LIMÍAR DE AVALIACIÓN ESTABLECIDO NA CONVOCATORIA	SUPEROUSE O UMBRAL DE AVALIACIÓN ESTABLECIDO NA CONVOCATORIA (obtívese financiamento ou non)	SUPEROUSE O 70% DO LIMÍAR DE AVALIACIÓN ESTABLECIDO NA CONVOCATORIA	SUPEROUSE O LIMÍAR DE AVALIACIÓN ESTABLECIDO NA CONVOCATORIA (obtívese financiamento ou non)
Proxectos cun consorcio > 10 socios	12.500	25.000	17.500	35.000
Proxectos cun consorcio entre 5-10 socios	7.500	15.000	12.500	25.000
Proxectos cun consorcio < 5 socios	5.000	10.000	7.500	15.000
Outros instrumentos	5.000	10.000	7.500	15.000
BONOS NACIONAIS	COMO SOCIO		COMO COORDINADOR	
	O PROXECTO FOI APROBADO		O PROXECTO FOI APROBADO	
Proxectos en cooperación cun consorcio > 5 socios	5.000		10.000	
Proxectos en cooperación cun consorcio < 5 socios	2.500		5.000	

* estas cantidades non inclúen o IVE

No caso de que o importe subvencionable (custes de contratación do axente intermedio) que se presente coa solicitude fose inferior ao do bono aplicable farase a correspondente minoración.

31. Existe algunha limitación no número de bonos que unha mesma empresa pode solicitar?

Non, a única limitación é *o esgotamento dos fondos do programa*, mentres isto non suceda os bonos concederanse, sen ningún tipo de limitación ou concorrencia, a media que son solicitados mentres se cumplan os requisitos esixidos no programa

Tamén deberán ter en conta as limitacións derivadas das contías máximas que se poden conceder a unha empresa baixo o réxime de minimis

32. Se varias pemes galegas participan nun mesmo proxecto nacional ou internacional, habería algún tipo de limitación?

Sí, na convocatoria establécense os seguintes límites de axuda a conceder para todas as solicitudes presentadas para un mesmo proxecto por diferentes pemes:

- Proxectos internacionais de máis de 10 socios: 85.000 euros
- Proxectos internacionais de entre 5-10 socios: 55.000 euros
- Proxectos internacionais de menos de 5 socios e outros instrumentos: 25.000 euros
- Proxectos nacionais de máis de 5 socios: 20.000 euros
- Proxectos nacionais de menos de 5 socios: 15.000 euros

No caso de superar estes limiares as cantidades dos bonos solicitados polos diferentes socios do mesmo proxecto minoraranse de xeito proporcional ou de forma acumulativa se se presentasen as solicitudes en datas diferentes.

33. Son compatibles as axudas do PROGRAMA BONOS DE INNOVACIÓN con outras?

Non, as axudas deste Programa son *incompatibles* coa percepción doutra subvención ou axuda para a mesma finalidade e os mesmos gastos procedente de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

34. Cales son os custes subvencionables?

Os gastos de contratación da *consultaría profesional do axente intermedio seleccionado* pola peme para a preparación da súa proposta sempre que estea debidamente homologado pola Axencia Galega de Innovación.

Non serán subvencionables os gastos xa presentados á convocatoria nacional ou internacional á que se conorra.

Deberán ser custes *posteriores o 1 de xaneiro de 2013 e anteriores á data de finalización da vixencia do Programa* (31 de decembro de 2015 ou antes se se producise o esgotamento do crédito previsto) *e ademais estar comprendidos entre o día seguinte da comunicación da homologación do axente intermedio seleccionado** e a data de solicitude da axuda, é dicir, do bono.

Deber ser custes *contratados e pagados directamente entre a peme beneficiaria da axuda e o axente intermedio*, exceptuándose deste requisito a cantidade trocable a través do Bono de Innovación concedido á peme, ao ceder o seu dereito de cobro ao axente intermedio como contraprestación do servizo recibido. No caso de que o importe subvencionable fose inferior ao do bono farase a correspondente minoración.

* Contemplándose como excepción a esta homologación previa, aquelas solicitudes que se presenten nos primeiros catro meses do programa.

35. Poderá contratarse como axente intermedio unha entidade vinculada coa peme solicitante do bono?

Os axentes intermedios seleccionados para contratar os seus servizos non poderán estar vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores.

36. Cando o custe contratado aos axentes intermedios supere ou iguale os 18.000 euros deben solicitarse tres ofertas de diferentes provedores?

Non, non é necesario

37. Se se quere solicitar varios bonos, cantas solicitudes deben entregarse?

Unha solicitude para cada bono, é dicir, para os custes de preparación de cada proxecto nacional ou internacional.

38. Cal é procedemento de concesión de estas axudas?

Réxime de *concorrenza non competitiva*, de xeito que as solicitudes serán atendidas respectando a súa orde de entrada e sen comparación con outras solicitudes, sempre que cumpran os requisitos fixados na orden ata o esgotamento do crédito dispoñible.

39. Como e cando debe realizarse a entrega da xustificación?

No programa bonos de innovación a *solicitude e a xustificación preséntanse conxuntamente*, no procedemento non se contemplan como etapas separadas para axilizalo ao máximo.

40. En que artigo se inclúen as obrigas das pemes solicitantes dos bonos de innovación?

No artigo 13 do Anexo II da convocatoria

41. Que tipo de entidades poden solicitar os bonos de innovación?

Empresas *PEMES** que desenvolvan en Galicia as actividades de preparación do proxecto e tamén, de forma maioritaria, as que teñan asignadas no plan de traballo do proxecto nacional ou internacional para o que solicitasen o bono de innovación e cumpran os resto de requisitos indicados no *artigo 4 do Anexo II da convocatoria*

*véxase pregunta número 43 e seguintes (definición de peme)

42. Estas axudas concédense baixo o réxime de minimis?

Sí, coas limitacións que se derivan do mesmo segundo o Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE núm. L379/5, do 28 de decembro):

- non se poderán conceder as axudas recollidas nesta orde de convocatoria ás empresas recollidas no artigo 1.1 do dito Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, como as dos sectores da pesca e acuicultura, produción primaria, produtos agrícolas e do sector do carbón.

- a axuda total de minimis concedida a unha empresa determinada non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais. A axuda total de minimis concedida a unha empresa que opere no sector do transporte por estrada non será superior a 100.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais. O cómputo destes límites aplicarase independentemente da forma da axuda de minimis ou do obxectivo perseguido e indistintamente de se a axuda concedida polo Estado membro está financiada total ou parcialmente mediante recursos de orixe comunitario. O período determinarase tomando como referencia os exercicios fiscais empregados pola empresa no Estado membro correspondente.

43. Cal e definición de pequena e mediana empresa?

A establecida no anexo I do Regulamento (CE) nº 800/2008: consideraranse PEMES as *empresas que ocupan a menos de 250 persoas e o seu volume de negocios anual non excede de 50 millóns de euros ou o seu balance xeral non excede de 43 millóns de euros*. Dentro das PEMES, considerarase *Pequena e Microempresa*:

CATEGORÍA EMPRESA	EFFECTIVOS (UTA)	VOLUME ANUAL DE NEGOCIOS	BALANCE XERAL
MEDIANA	< 250	≤ € 50milones	≤ € 43milones
PEQUENA	< 50	≤ € 10milones	≤ € 10milones
MICRO	< 10	≤ € 2milones	≤ € 2milones

Táboa II

-Os datos seleccionados para o cálculo do persoal (efectivos) e os importes financeiros son os *correspondentes ao último exercicio contable pechado e se calculan sobre una base anual*. Se teñen en conta a partir da data na que se pechan as contas.

-O total de *volume de negocios calcularase sen o imposto sobre o valor engadido (IVE) nin tributos indirectos*

-Cando unha empresa, na data de peche das contas, constate que se superou nun sentido ou noutro sobre unha base anual, os límites efectivos ou financeiros anteriores, esta circunstancia si lle fará perder a calidade de mediana ou pequena empresa, ou de microempresa, se este rebase se produce en dous anos consecutivos.

-En empresas de nova creación que non teñan pechado aínda as súas contas, utilizaranse datos baseados en estimacións realizadas durante o exercicio financeiro.

No caso de empresas autónomas (ver pregunta seguinte) os datos determinaranse unicamente sobre a base das contas de dita empresa. Os datos dunha empresa con empresas asociadas ou vinculadas determinaranse seguindo as indicacións incluídas no artigo 6 do citado anexo I do Regulamento 800/2008.

44. Cando unha empresa pode considerarse autónoma, cando vinculada e cando asociada?

Na definición de PEME (artigo 3 do anexo I Regulamento (CE) nº 800/2008) distínguense tres tipos de empresas en función do tipo de relación que manteñen con outras empresas en canto a participación no capital, dereito de voto ou dereito de exercer unha influencia dominante:

- as empresas autónomas;
- as empresas asociadas;
- as empresas vinculadas.

Artigo 3.-Tipos de empresas considerados para o cálculo dos efectivos e os importes financeiros

1. É unha “empresa autónoma” a que non pode calificarse nin como empresa asociada a efectos do apartado 2, nin como empresa vinculada a efectos do apartado 3.

2. Son “empresas asociadas” todas as empresas ás que non se pode calificar como empresas vinculadas a efectos do apartado 3 e entre as cales existe a relación seguinte: unha empresa (empresa participante) posúe, por si soa ou conxuntamente cunha ou máis empresas vinculadas a efectos da definición do apartado 3, o 25 % ou máis do capital ou dos dereitos de voto de outra empresa (empresa participada).

Una empresa pode, no obstante, recibir a calificación de autónoma, sen empresas asociadas, aínda que se alcance ou se supere o límite máximo do 25 %, cando estean presentes as categorías de inversores seguintes e a condición de que entre estes, individual ou conxuntamente, e a empresa en cuestión non existan os vínculos descritos no apartado 3:

- a) sociedades públicas de participación, sociedades de capital risco, persoas físicas ou grupos de persoas físicas que realicen unha actividade regular de inversión en capital risco (inversores providenciais o “business angels”) e invistan fondos propios en empresas sen cotización bolsista, sempre e cando a inversión de ditos “business angels” na mesma empresa non supere 1.250.000 euros
- b) universidades ou centros de investigación sen fins lucrativos
- c) inversores institucionais, incluídos os fondos de desenvolvemento rexional
- d) autoridades locais autónomas con un orzamento anual de menos de 10 millóns de euros e unha poboación inferior a 5.000 habitantes.

3. Son “empresas vinculadas” as empresas entre as cales existe algunha das relacións seguintes:

- a) unha empresa posúe a maioría dos dereitos de voto dos accionistas ou socios de outra empresa
- b) unha empresa ten dereito a nomear ou revocar á maioría dos membros do órgano de administración, dirección ou control de outra empresa
- c) unha empresa ten dereito a exercer unha influencia dominante sobre outra, en virtude dun contrato celebrado con ela ou unha cláusula estatutaria da segunda empresa
- d) unha empresa, accionista ou asociada a outra, controla soa, en virtude dun acordo celebrado con outros accionistas ou socios da segunda empresa, a maioría dos dereitos de voto dos seus accionistas.

Hai presunción de que non existe influencia dominante, cando os inversores enunciados no segundo parágrafo do apartado 2 non teñan implicación directa ou indirecta na xestión da empresa en cuestión, sen prexuízo dos dereitos que lles correspondan na súa calidade de accionistas ou de asociados.

As empresas que manteñan calquera das relacións contempladas no primeiro parágrafo a través de outra ou outras empresas, ou cos inversores enumerados no apartado 2, consideraranse tamén vinculadas.

Consideraranse tamén empresas vinculadas as que manteñan algunha de ditas relacións a través dunha persoa física ou un grupo de persoas físicas que actúen de común acordo, se ditas empresas exercen a súa actividade ou parte da mesma no mesmo mercado de referencia ou en mercados contiguos. Considerarase “mercado contiguo” o mercado dun produto ou servizo situado nunha posición inmediatamente anterior ou posterior á do mercado en cuestión.

4. A excepción dos casos citados no segundo parágrafo do apartado 2, unha empresa non pode ser considerada como PEME, se o 25 % ou máis do seu capital ou dos seus dereitos de voto están controlados, directa ou indirectamente, por un ou máis organismos públicos ou colectividade públicas.

5. As empresas poden efectuar unha declaración relativa a súa calificación como empresa autónoma, asociada o vinculada, así como aos datos relativos aos límites máximos enunciados no artigo 2. Pode efectuarse esta declaración aínda que o capital estea distribuído de tal forma que non se poda determinar con precisión quen o posúe, se a empresa declara con presunción lexítima e fiable que o 25 % ou máis de seu capital non pertence a outra empresa ou non o detenta conxuntamente con empresas vinculadas entre elas ou a través de persoas físicas ou dun grupo de persoas físicas.

Tales declaracións non eximen dos controles e verificacións previstos polas normativas nacionais ou comunitarias.

Más información:

http://ec.europa.eu/enterprise/policies/sme/files/sme_definition/sme_user_guide_es.pdf

http://ec.europa.eu/enterprise/policies/sme/facts-figures-analysis/sme-definition/index_en.htm

TEST ON-LINE da Comisión Europea para facilitar a resposta á pregunta ¿son peme ou non?

<http://smetest.uwe.be/> (permite seleccionar o idioma)

45. Que son efectivos de persoal (UTA)?

Os efectivos de persoal para a definición de microempresa, pequena e mediana empresa corresponden ao número de unidades de traballo anual (UTA) é dicir, o número de persoas que traballan na empresa en cuestión ou por conta de dita empresa a tempo completo durante todo o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, cóntanse como fraccións de UTA.

Nos efectivos contabilízanse as seguintes categorías:

- a) asalariados;
- b) persoas que traballan para a empresa, que teñan con ela un vínculo de subordinación e estean asimiladas a asalariados segundo o Dereito nacional;
- c) propietarios que dirixen a súa empresa;
- d) socios que exerzan unha actividade regular na empresa e contén con vantaxes financeiras por parte da empresa.

Os aprendices ou alumnos de formación profesional con contrato de aprendizaxe ou formación profesional non se contabilizarán dentro dos efectivos. Non se contabiliza tampouco a duración dos permisos de maternidade ou permisos parentales.

46. Como deben determinarse os datos da empresa (efectivos UTA, Volume de negocio e Balance xeral) para a definición de PEME no caso de empresas: autónomas, asociadas ou vinculadas?

“Segundo o [artigo 6 do Anexo I do ANEXO 800/2008](#) (“determinación dos datos da empresa”):

1) No caso de *empresas autónomas*, os datos, incluídos os efectivos, determinaranse unicamente sobre a base das contas de dita empresa.

2) Os datos, incluídos os efectivos, dunha *empresa con empresas asociadas ou vinculadas*, determinarase sobre a base das contas e demais datos da empresa, ou ben, se existen, sobre a base das contas consolidadas da empresa, ou das contas consolidadas nas cales a empresa estea incluída por consolidación.

Aos datos contemplados no parágrafo primeiro deben agregarse os datos das posibles empresas asociadas coa empresa en cuestión, situadas en posición inmediatamente anterior ou posterior a esta. A agregación será proporcional á porcentaxe da participación no capital ou nos dereitos de voto (a máis elevada destas dúas porcentaxes). No caso de participacións cruzadas, aplicarase a porcentaxe máis elevada.

Aos datos contemplados nos parágrafos primeiro e segundo engadirase o 100% dos datos das empresas que poidan estar directa ou indirectamente vinculadas á empresa en cuestión e que non estean incluídas nas contas por consolidación

3.-A efectos da aplicación do apartado 2, os datos das empresas asociadas coa empresa en cuestión deben proceder das contas consolidadas se existen, e dos demais datos, aos cales se deberá engadir o 100% dos datos das empresas vinculadas a estas empresas asociadas, salvo se os seus datos xa se houberen incluído por consolidación.

A efectos da aplicación do apartado 2, os datos das empresas vinculadas á empresa en cuestión deben proceder das súas contas e dos demais datos consolidados, se existen. A estes haberá de agregárselle proporcionalmente os datos das empresas que poidan estar asociadas a estas empresas vinculadas, situadas en posición inmediatamente anterior ou posterior a estas, salvo se se houberan incluído xa nas contas consolidadas nunha proporción polo menos equivalente á porcentaxe definida no apartado 2, parágrafo segundo.

4. Cando nas contas consolidadas non consten os efectivos dunha empresa dada, calcularanse incorporando de xeito proporcional os datos relativos ás empresas coas cales a empresa estea asociada, e engadindo os relativos a empresas coas que estea vinculada”.